

# ESPERANDO O AMENCER

Texto e ilustracións de **FABIOLA ANCHORENA**

Tradución de **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 21,5 x 28,5 cm. 28 páX. 16 €

XV PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA PARA ÁLBUMS ILUSTRADOS

**Esperando o amencer** (galego)

ISBN 978-84-1343-177-2. Álbum ilustrado. Premio Compostela.

**Esperando el amanecer** (castelán)

ISBN 978-84-1343-178-9. Álbum ilustrado. Premio Compostela.

**Esperant l'albada** (català)

ISBN 978-84-18558-56-6. Álbum ilustrado. Premi Compostela.

**Eguna argitzeko zain** (euskara)

ISBN 978-84-9172-300-4. Álbum ilustrado. Compostela Saria.

**Esperando o amanhecer** (português)

ISBN 978-84-9172-300-4. Álbum ilustrado. Prémio Compostela.

**Aspettando l'alba** (italiano)

ISBN 978-84-1343-185-7. Álbum ilustrado. Premio Compostela.

*Hai moito tempo que non vemos o amencer.*

*Tampouco vemos a Lúa entre as estrelas*

*nin sentimos a chuvia caer.*

*É coma se o Sol fuxise moi, moi lonxe.*

*Estará canso de deixarse ver cada mañá?*

Unha absoluta escuridade envolve a selva dende hai tempo.

Os seus habitantes estrañan a Lúa e as estrelas pero, sobre todo,

o Sol. Lonxe de atopar a súa cálida fonte de vida, os animais

descobren a devastación e o pánico ante un inmenso lume

que non se nomea. A obra distinguida co XV Premio Internacional

Compostela para Álbums Ilustrados denuncia a destrución

dos pulmóns do planeta a causa dos grandes incendios

provocados polo cambio climático e pola acción do ser humano.

A autora, Fabiola Anchorena, plasmou a agonía da Amazonia,

aínda que podería tratarse de calquera bosque do mundo.

Toda a fauna -terrestre, acuática e voadora- únese nunha causa

común, «Esperando o amencer». Un texto poético contrasta

coa dureza desta historia, cuxa forza comunicativa recae

principalmente nas ilustracións: o formato da dobre páxina potencia

o efecto cinematográfico das imaxes pola variedade de planos

-frontais, aéreos, cenitais, detalles, subxectivos-

e a súa secuenciación.


Destaca o maxistral tratamento da cor, coa evolución

dende as escenas escuras que permiten mesmo apreciar

as sombras, ata a progresiva entrada das chispas

e da incandescencia das páxinas, cuxa intensidade

vai decrecendo.



■ **Temática:** a destrución ambiental da Amazonia.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** animais, natureza, incendios forestais, respecto ao medio ambiente; emocións, compromiso; XV Premio Compostela.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/esperando-o-amencer-g>

## Fabiola Anchorena

(Lima, 1983)

Medrou entre Perú e Estados Unidos, estudou arquitectura e dedicase á ilustración, principalmente coa natureza como protagonista. Traballou en iniciativas vencelladas ao sector téxtil e ao deseño corporativo. Dende 2015 é a promotora do proxecto Different Folks Co., onde reúne as súas creacións elaboradas con distintas técnicas de debuxo, gravado e escultura.

<https://differentfolks.co>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com

